

## Enquisa de bovino

### METODOLOXÍA

---

#### 1. Aspectos xerais

O deseño xeral da enquisa realízao o MAPA cunha metodoloxía que responde ás esixencias de precisión e fiabilidade fixadas pola normativa comunitaria. A enquisa do IGE, pola súa formulación de complementaria da do MAPA, fíxose ata 1995 sobre a mostra que, dentro do deseño xeral, lle correspondía á Comunidade Autónoma. A partir desa data o MAPA modificou os criterios de estratificación e os tamaños mostrais vixentes, asignándolle a Galicia unha mostra sensiblemente inferior á que se viña utilizando. Esta mostra era compatible cos mínimos de representatividade fixados polo Ministerio sobre as súas estimacións de efectivos gandeiros en Galicia, pero semellaba ser insuficiente para descender a nivel provincial e soportar a carga de información que se derivaba do cuestionario complementario. Procedeuse polo tanto, desde 1996 e dentro do marco metodolóxico común e das dispoñibilidades orzamentarias, a ampliar a mostra.

#### 2. Ámbitos da investigación

##### Ámbito poblacional

O universo da enquisa é o conxunto de explotacións de bovino e a unidade de investigación é a explotación con alomenos unha vaca. O marco de mostraxe é o Directorio da Campaña de Saneamento Gandeiro que xestiona a Consellería do Medio Rural.

##### Ámbito xeográfico

O ámbito territorial é o conxunto do Estado, polo que se estende a toda a Comunidade Autónoma Galega e ofrece información provincial.

##### Ámbito temporal

A data de referencia é o un de decembro, se ben os datos sobre investimentos solicítanse para o conxunto do ano e os de produción de leite para o período setembro-novembro.

### 3. Aspectos metodolóxicos

O propósito deste estudo é o coñecemento e o seguimento da evolución das variables estruturais, económicas e sociais das explotacións de vacún, cunha periodicidade anual e mediante a recollida de datos da enquisa base do MAPA no mes de decembro e un cuestionario adicional que nos permite ter unha información máis extensa sobre as variables máis significativas das explotacións.

O directorio de explotacións de bovino utilizado como marco foi o derivado da campaña de saneamento do ano anterior ao de referencia da enquisa. No deseño da enquisa levouse a cabo unha estratificación das explotacións en tres fases: por tipos, por provincias e por tamaño. A variable tipo establécese en función da clase de gando dominante, distinguindo entre vacas de muxida, vacas de non muxida e prazas de cebo, e segundo o seguinte esquema:

Tipo	Condición
Muxida	$VM \geq VN$ e $VM \geq PC$
Non muxida	$VN > VM$ e $VN \geq PC$
Cebo	$PC > VM$ e $PC > VN$

onde:  $VM = 1,5 \times n^{\circ}$  vacas de muxida  
 $VN = 1,0 \times n^{\circ}$  vacas de non muxida  
 $PC = 0,6 \times n^{\circ}$  outras reses de vacún

En relación ás variables de estratificación compre ter en conta que:

- A división entre 'muxida' e 'non muxida' atende ao criterio da práctica real na explotación, mentres que nos directorios das campañas de saneamento atende ao de aptitude (leite/carne), o que presenta certos problemas. Nas pequenas explotacións de vacún non especializadas practícase con relativa frecuencia a muxidura das vacas non

leiteiras, para autoconsumo familiar, para facer queixo, ou para darlle o leite ás crías, o que levaría á súa clasificación como 'de muxida'.

- O terceiro tipo non responde exactamente á categoría de 'bovino de cebo', xa que para a súa configuración se teñen en conta todas as reses de vacún que non sexan vacas (becerros, xovencas, etc.). Na práctica, neste tipo quedan incluídas, amais dos cebadeiros propiamente ditos, as explotacións de recría de xovencas, e, sobre todo, as que, tendo algunha vaca, teñen tamén reses de recría ou cebo.

A variable tamaño utilizada é o número total de prazas:

<b>Estrato</b>	<b>Nº de animais</b>	<b>Estrato</b>	<b>Nº de animais</b>
1	1-2	7	50-99
2	3-4	8	100-199
3	5-9	9	200-299
4	10-19	10	300-499
5	20-29	11	>= 500
6	30-49		

Os estratos de cinco ou menos explotacións analizáronse integramente. No resto a mostra distribuíuse proporcionalmente ao seu tamaño e variabilidade (segundo número total de bovinos), establecendo un mínimo de cinco explotacións en cada un. Ante posibles incidencias nos traballos de campo (negativas, informantes ausentes e explotacións ilocalizables ou inaccesibles) seleccionouse tamén unha mostra reserva. A mostra finalmente queda distribuída como segue:

[Tamaño e distribución da mostra nos anos 1999, 2000, 2001, 2002 e 2003.](#)

A continuación recóllense algunhas notas aclaratorias que consideramos poden facilitar a interpretación dos resultados da enquisa:

- Pola razón xa sinalada encol da dificultade de catalogación dos animais de muxida e non muxida (particularmente nas explotacións pequenas, nas que se dá con certa frecuencia unha muxidura conxuntural de vacas, que, pola súa

aptitude, serían de non muxida) as estimacións anuais de ámbolos dous rabaños poden diferir substancialmente, entre si e comparándoos con outros resultados obtidos a partir de explotacións específicas dos directorios de base.

- Considérase que unha explotación da mostra ten cesado na actividade cando, no momento da enquisa, manifesta ter abandonada toda actividade relativa ao gando vacún. O cese inclúe tanto os abandonos 'naturais' como os acollidos a programas subvencionados. Non se consideran cesamentos as explotacións que manifestan continuar coa actividade, aínda que non posúan efectivos de vacún no período de referencia da enquisa.
- O período de referencia para as variables de produción e destino do leite abrangue tres meses (setembro-outubro-novembro). Nas explotacións máis pequenas pódese dar o caso de que, aínda producindo ou vendendo leite, non o fixeran nese período, polo que o número de explotacións con produción ou venda de leite no ano pode ser máis elevado que o resultante da enquisa. A estacionalidade da produción obriga, por outra banda, a tomar as necesarias precaucións á hora de extrapolar a información a todo o ano.

#### 4. Presentación de resultados

A información preséntase ordenada en tres series:

- Serie 1 "Estrutura das explotacións". Inclúe as variables máis significativas para o conxunto de explotacións con vacas: rabaño, base territorial, maquinaria, equipamento, investimentos realizados no ano e traballo familiar. Cada táboa preséntase por estratos da variable 'vacas totais'.
- Serie 2 "Estrutura das explotacións de leite". Recolle as características das explotacións que teñen algunha vaca de leite: estrutura productiva, especialización do rabaño, equipamento e técnicas de muxidura e de refrixeración do leite. As táboas ofrecen información por estratos da variable 'vacas de leite'.
- Serie 3 "Produción e destino do leite". Inclúe a produción de leite no período setembro – novembro, así como o seu destino. As táboas preséntanse por estratos de rabaño de leite.

### **NOTA ESPECÍFICA PARA OS DATOS DO PERÍODO 2001-2003**

No 2001, a non dispoñibilidade dun marco de mostraxe actualizado, obrigou a introducir un cambio metodolóxico específico consistente en axustar os resultados da enquisa ao número de explotacións e de efectivos da campaña de saneamento dese ano. Polo tanto, os datos referentes ao número de explotacións e efectivos son directamente os da campaña do 2001, para as demais variables, aínda que o marco de mostraxe foi a campaña de 1999, os resultados foron elevados empregando a campaña 2001. Esta variación no procedemento explica o salto que se produce na serie para este ano con respecto ás estimacións dos anos anteriores e posteriores, xa que ao dispor da campaña non se precisou das estimacións.

No ano 2002 retomouse a metodoloxía anterior, e todos os datos que se presentan (incluídos nº de explotacións i efectivos) obtéñense elevando directamente os datos da enquisa a partir da campaña do ano anterior ao de referencia, coma sempre. Polo tanto, son comparables cos de anos anteriores ao 2001.

No ano 2003 modificouse o cuestionario e as variables publicadas nas táboas. Na Serie 1 “Estrutura das explotacións” non se inclúen as variables maquinaria, equipamento e traballo familiar e sen embargo publícanse neste ano as variables ingresos e gastos. Na Serie 2 “Estrutura das explotacións de leite”, non se publican no 2003 as variables equipamento e técnicas de muxidura e de refrixeración do leite.